



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2015.

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA.</p> <p><u>Non Asiste con excusa:</u> D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY</p> <p><u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de setembro de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	--

PUNTO 1º.- RATIFICACIÓN CAMBEO DATA SESIÓN ORDINARIA.

Sometese a votación o cambio de data da Sesión ordinaria correspondente o día 24 de setembro para o día de hoxe, e o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 NAL E 1 SON de Ares), y 5 votos en contra (2 BNG e 3 PP), acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 2º.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 05-02-2015 , Nº 26/2015 "RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL –L. M. ROMERO ASNEDES".

Polo Sr. Secretario dase lectura da Firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo Núm. 1 de Ferrol de data 05-02-2015, na que se dicta o seguinte **FALLO:**



“ Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a LEONOR MARIA ROMERO ANSEDES contra la desestimación por silencio administrativo de la reclamación presentada en fecha 19-09-2013 ante el CONCELLO DE ARES, por los daños sufridos en un vehículo estacionado en la vía pública contra el que colisionó un contenedor, reconociendo a favor de la recurrente una indemnización por un importe de 1.223,47 euros mas los intereses legales calculados desde el día 19-09-2013, fecha en la que se presentó la reclamación de responsabilidad patrimonial; sin hacer especial pronunciamiento sobre la imposición de costas”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 3º.- DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENZA XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 27/02/2015 NÚM. 51/2015 “PROCAT INGENIERÍA E MEDIOAMBIENTE S.L.”

Polo Sr. Secretario dase lectura da firmeza da Sentenza Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de 27/02/2015 núm. 51/2015 na que se dicta o seguinte **FALLO**:

“Estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad **PROCAT INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE**, contra la inactividad del CONCELLO DE ARES por impago de una factura presentada ante dicho Concello fecha 02-01-2014, por la realización del servicio de actualización de la tasa de recogida de basuras, reconociendo el derecho de la entidad recurrente al pago por dicho Concello de un importe de 2177,17 euros, mas los correspondientes intereses calculados desde la fecha de presentación de la reclamación del pago de la factura; sin expreso pronunciamiento sobre la imposición de las costas”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 27-05-2015 “C. LOPEZ SANTIAGO”.-

Polo Sr. Secretario dase lectura á Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 27-05-2015, na que se dicta o seguinte **FALLO**:

“ Que desestimo el recurso interpuesto por Don César López Santiago contra la convocatoria y bases específicas del proceso selectivo para la formación de una lista abierta para la contratación laboral temporal de auxiliares de la Policía Local del



Ayuntamiento de Ares, publicada en el Diario de Ferrol de 30 de octubre de 2014, resolución que se declara conforme a Derecho. Sin expresa imposición de costas.

PUNTO NÚM. 5.- DESIGNACIÓN FESTIVADES LOCAIS 2016.

Dada conta da Proposta efectuada pola Alcaldía-Presidencia, da cal deu conta na Xunta de Voceiros celebrada no Concello de Ares en data 15/09/2015, para designar como festividades locais para o ano 2016 no Concello de Ares as datas: Mercores de Cinza (10 de febreiro de 2016) e a festividade de San Pedro, (o 29 de xuño de 2016).

O Pleno do Concello de Ares, por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL, 1 SON DE ARES) e 5 abstencións (3 PP e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a designación das datas Mércores de Cinza, 10 de febreiro de 2016 e a festividade de San Pedro, o 29 de xuño de 2016, como festividades locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal do Concello de Ares para o ano 2016.

PUNTO 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 7/2015 “TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS”.

Dase conta do Informe do Sr. Secretario de data 11 de setembro de 2015, do seguinte teor literal:

“ INFORME DE SECRETARÍA

En cumprimento do previsto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en concordancia cos artigos 40 e 41 do Real Decreto 500/1990; de acordo co artigo 4.1.g) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e á vista da memoria xustificativa emitida para o efecto, emítese o seguinte

INFORME



Asunto : Expediente de modificación de créditos por **transferencias** entre os créditos de partidas de gastos e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 12 agosto de 2015 ten entrada neste Concello a Proposta de Resolución provisional de concesión de subvención no procedemento “**TU 50 A Subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural. Expte.: TU 501ª 2015-36/1**”.

Segundo.- Sobre un orzamento subvencionable de 50.000, 00 €, pola puntuación acadada de 35 puntos, asignáse unha porcentaxe do 67,5 %, cunha subvención proposta de **33.750,00 €**. coa seguinte desagregación :

- **Feader 75% :** **25.312,50 €.**
- **MAGRAMA 12,13% :** **4.093,88 €.**
- **Turismo de Galicia 12,87 % :** **4.343,63 €.**

Terceiro.- A actuación corresponde ao proxecto “**Mellora da accesibilidade e acondicionamento do entorno da praia do Xuncal**” redcatado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos M. Nieto Matamoros, cun orzamento de contrata (IVE engadido) de **68.000,00 €**. (Orzamento base de 56.198,35 €. E IVE de 11.801,65 €.).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. A lexislación aplicable vén determinada polos seguintes artigos:

– Os artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

– Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

– Os artigos 22.2.e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

SEGUNDO. O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do orzamento vixente mediante transferencia de créditos entre aplicacións do orzamento de gastos con distinto área de gasto que non afectan a baixas e altas entre créditos de persoal, por un importe total de 34.000,00 euros.

Segundo o establecido nos artigos 177 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 35 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento do Concello, o presidente ordenará a incoación do expediente de crédito extraordinario.

Os gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, segundo consta na memoria subscrita pola Presidencia, e para os que non existe crédito no orzamento vixente, son os descritos na apartado terceiro dos antecedentes.

Segundo o establecido no artigo 40.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, a transferencia de créditos é aquela modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total deste, se lle imputa o importe total ou parcial dun crédito a outra aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

Os gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, segundo consta na memoria subscrita pola Alcaldía, e para os que o crédito existente é insuficiente e non ampliable no orzamento vixente, son os seguintes:



Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
171.610.00	Parques e xardíns-praias. Inv. En terreos	34.000,00
	TOTAL GASTOS	34.000,00

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
011.310.00	Intereses. Gastos formal.	34.000,00
	TOTAL GASTOS	34.000,00

TERCEIRO. As transferencias de créditos de calquera clase, en virtude do establecido no artigo 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e no artigo 41 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

– Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

– Non se poderán minorar, mediante transferencia, os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, agás cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.



– Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración, agás cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán aplicables cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

CUARTO.- Suliñar unha vez máis que o Concello de Ares ao carecer de sector primario, secundario ou terciario, sen áreas industriais como concellos limítrofes, ten que acudir para realizar as actuacións inversoras a programas, convenios, plans ou subvencións doutras administracións; e no presente caso, a tramitación efectúase baixo a ameaza pola perentoriedade dos prazos de perda da subvención e en perxuizo dos intereses veciñais. Elo sen prexuzgar a idoneidade das actuacións previstas no expediente de modificación de créditos, por canto non é unha cuestión de índole legal e sí de oportunidade e conveniencia; nembargantes recoméndase nun escenario de crise a necesidade na xestión de gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de investimento, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil.

Por iso, atendendo ao exposto anteriormente e unha vez comprobado o cumprimento dos artigos 180.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 41.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, infórmase favorablemente sobre o expediente.

Non obstante, a corporación acordará o que xulgue conveniente.

Ares, a 11 de setembro de 2015,

O Secretario,



Cuantificación da estabilidade orzamentaria no orzamento 2015.

	Orzamento 2015
Capítulos 1 a 7 ingresos	5.390.940,33
Capítulos 1 a 7 de gastos	5.005.431,70
Diferenza (Estabilidade Orzamentaria)	385.508,63

Tramitado o expediente de modificación de créditos 4/2015 "transferencia de créditos" a estabilidade quedou do seguinte xeito :

	Orzamento 2015	Expte. modif. créd	Resultado final
Capítulos 1 a 7 ingresos	5.390.940,33	85.376,52	5.476.316,85
Capítulos 1 a 7 de gastos	5.005.431,70	277.432,19	5.282.863,89
Diferenza (Estabilidade Orzamentaria)	385.508,63	- 192.055,67	193.452,96

Co presente expediente de modificación de créditos ao significar unha baixa do capítulo 3 "Intereses" para aumentar unha partida do capítulo 6 "inversións", non hai alteración da estabilidade orzamentaria, seguindo por conseguinte con estabilidade orzamentaria."

Acto seguinte dase conta da Proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

PROPOSTA:

Sendo necesario efectuar transferencias entre os créditos das partidas de gastos do vixente presuposto referentes a altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función, o que supón a provisión de crédito suficiente para cubr-las necesidades para o vixente exercicio económico de conformidade co disposto no artigo 179 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, e Base 9ª de execución do presuposto, esta Alcaldía propón a iniciación do expediente de transferencias de créditos, expediente núm. 2015/7 nas partidas de gastos que a continuación se detallan:

A) AUMENTOS NAS PARTIDAS

PARTIDA ALTA	DENOMINACIÓN		IMPORTE ALTA
171.610.00	Parques e xardins-parais Inv. En terreos		34.000,00
		TOTAL	34.000,00

B) DISMINUCIÓN NAS PARTIDAS:

PARTIDA BAIXA	DENOMINACIÓN	CREDITO DISPON.	IMPORTE BAIXA
---------------	--------------	-----------------	---------------



011.310.00	Intereses Gastos formal		34.000,00
		TOTAL	34.000,00

Sometido a votación o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor 5 do PSdeG-PSOE 1 NAL e 1 SON DE ARES, e 5 votos en contra 3 PP e 2 BNG, acorda

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 7/2015.

2.- En cumprimento do previsto no artigo 177.2 en relación ao 169 do R.D. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sometese o expediente a información pública polo prazo de quince días hábiles, mediante publicación de anuncio no B.O.P., entendendose definitivamente aprobado no caso de non presentarse reclamacións.

PUNTO 7.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2014.

Dase conta do Informe do Sr. Secretario que seguidamente se transcribe:

De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, procedeuse a formar a **Conta Xeral do exercicio económico de 2014**, en relación coa cal emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

— Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

— As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se



aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.

— Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.

—Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

SEGUNDO. A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigación formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

— A da propia Entidade.

— A dos seus Organismos Autónomos.

— As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

CUARTO. A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

a) O Balance.



b) A Conta do resultado económico-patrimonial.

c) O estado de Liquidación do Orzamento.

d) A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

— Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.

— Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

— En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

QUINTO. Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das regras 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrución do modelo normal de contabilidade local) “a aprobación da



Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.

De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

- Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio de 2014, e dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 3 de xullo de 2015, foi sometida a información pública mediante Edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 109 , de data 11 de xuño de 2015.

- Atendido que durante dito prazo de información pública non se formularon reparos ou reclamacións.

- Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor, 5 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL e 1 SON DE ARES, e 5 votos en contra, (3 PP e 2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación a Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio de 2015.

PUNTO 8.- APROBACIÓN MARCOS ORZAMENTARIOS 2016-2017-2018, E LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2016.

Dase conta do Informe de Secretaría-Intervención, relativo a Marcos Orzamentarios 2016-2017-2018, que seguidamente se transcribe:

“Asunto: Marcos orzamentarios 2016-2017-2018.

De conformidade co establecido no artigo 6 da Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, as Corporacións Locais deberán remitir anualmente os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais



Para iso, a Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, publicou, a Guía para a remisión desta información: <http://www.minhap.gob.es/documentación/publico/dgcfel/instruccionesaplicaciones/guiamarcos.pdf>

E abriu a aplicación disposta ao efecto:

<https://serviciostelematicos.minhap.gob.e/Marcos/login.aspx>.

Así as Entidades Locais poderán remitir ao MHAP a información sobre os marcos orzamentarios.

É importante sinalar que, excepcionalmente para o primeiro ano 2013, coa remisión desta información entendeuse tamén cumprida a obriga de envío das liñas fundamentais do orzamento 2014. Con todo, a partir de 2014, seguirase o calendario de envío previsto na Orde HAP/2105/2012 (antes do 15 de marzo de cada ano).

A información como ven sendo habitual remitirase a través de formularios base, nesta ocasión, presentanse dous modelos:

- Modelo ordinario: para Entidades Locais cuxa poboación supere os 5.000 habitantes.
- Modelo simplificado: para Entidades Locais cuxa poboación é inferior a 5.000 habitantes, aínda que poderán optar pola remisión do modelo ordinario si así o decidisen.
- A información deberá remitirse en termos consolidados, conforme á normativa de estabilidade orzamentaria.
- Os datos económicos a consignar, serán as proxeccións de ingresos e gastos, que servirán de base para a elaboración do orzamento anual. As desviacións das mesmas, que deberán ser explicadas.
- Os datos do ano 2016 recollerán as previsións da liquidación deste exercicio.
- A taxa de valoración do período calcularase de forma automática.
- En detalle, a información para cada un dos modelos será:

A. Modelo Ordinario.

Datos económicos consolidados. Ingresos:

Estimación dos ingresos correntes, de capital e financeiros, distinguindo:

- As proxeccións de ingresos derivadas dunha evolución tendencial, é dicir, proxeccións baseadas en políticas non suxeitas a modificacións.



- As proxeccións derivadas de medidas políticas previstas para o período, cuantificando o seu impacto e o seu criterio de adopción.
- O impacto das medidas deberá cuantificarse unicamente cando se produza unha variación (ó -) respecto ao ano anterior, de tal modo que só se reflecta o primeiro ano de aplicación.
- Datos económicos consolidados. Gastos:
 - As proxeccións de ingresos derivadas dunha evolución tendencial, é dicir, proxeccións baseadas en políticas non suxeitas a modificacións.
 - As proxeccións derivadas de medidas políticas previstas para o período cuantificando o seu impacto e o seu criterio de adopción.
 - O impacto das medidas verá cuantificarse unicamente cando se produza unha variación (ó -) respecto ao ano anterior, de tal modo que só se reflecta o primeiro ano de aplicación.
 - Nesta estimación debe terse en conta a aplicación de regra de gasto.
 - Saldos. Capacidade/necesidade financiamento. Débeda Viva..
 - Debe indicarse o saldo positivo ou negativo dos axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC 95 e o saldo da débeda viva estimada a 31 de decembro de cada exercicio do período considerado.
 - B. Modelo simplificado:
 - Datos de previsión económica do marco. Debe indicarse:
 - A estimación dos ingresos correntes, de capital e financeiros.
 - A estimación dos gastos correntes, de capital e financeiros.
 - O saldo positivo ou negativo dos axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC 95.
 - O saldo da débeda viva estimada a 31 de decembro de cada exercicio do período considerado.
 - É dicir, o Informe que proxecta a tres anos a elaboración dos Orzamentos anuais da Corporación e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente eos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública. Os marcos orzamentarios a medio prazo abarcarán un período mínimo de tres anos, deberán de presentarse antes do 15 de marzo de cada ano e conterán, entre outros parámetros:
 - Os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública das respectivas Administracións Públicas.
 - As proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
 - Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.
 - Os marcos orzamentarios servirán de base para a elaboración do Programa de Estabilidade.
 - Os marcos que se adxuntan, siguen as previsións do Plan de Axuste tramitado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, aprobado polo Pleno do



Concello na sesión do día 28 de marzo de 2012, o cal á súa vez foi informado favorablemente pola Secretaría Xeral do Ministerio e Facenda e Administracións Públicas o 30 de abril do 2012.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 5 votos en contra (3 PP e 2 BNG) acorda perstarlle a súa aprobación os Marcos Orzamentarios 2016-2017-2018 e liñas fundamentais orzamento 2016.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

PUNTO 9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

PUNTO 10.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-1

A) CIG MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.

Dase conta da Moción da CIG que seguidamente se transcribe:

“ A CIG ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción**, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:

Exposición de motivos



O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dése xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplias zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

E posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% ñas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa



industria, precisa ganar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, compre avanzarmos ñas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acollé no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxia (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades -coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vencellada a dispoñen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non

corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos governativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constituía unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en



Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza pora en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encaminadas a:

a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.

b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.

c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.

d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade)



da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.

2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.

3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que ponan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo:

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa



lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 9 votos a Favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL e 1 SON DE ARES), E 3 abstencións do grupo municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

B) BNG APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E EMIGRANTES EN EUROPA.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapiña imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias- que escapan da



guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapiña neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das élites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao sen/izo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alen dos lamentos de rigor, eos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de árame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas ñas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobemos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, senté como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) exige da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Alias, o BNG quer denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Por fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do confuto militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.



A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro ñas políticas de asilo e de cooperación eos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de trabado e de axudas en colaboración eos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

6.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso Concello.

Sometida a votación a Moción o Pleno da Corporación por 4 votos a favor (2 BNG, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 8 abstencións (5 PSdeG-PSOE e 3 PP), acorda prestarlle a súa aprobación á Moción antes transcrita.

C) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FEMP: AXUDA AO REFUXIADO.

Dase conta da Declaración Institucional FEMP: AXUDA DO REFUXIADO, que seguidamente se transcribe:

Asunto: Declaración Institucional de la FEMP:

Acuerdo: El Gobierno Local..... en

relación con la coordinación municipal de la ayuda al refugiado

Las crisis migratorias obligan a las personas a huir de sus países devastados por conflictos, como única salida para escapar de la guerra, la opresión y la pobreza. Esta situación, que hoy es la prioridad de los dirigentes de la UE y del resto de Administraciones a nivel estatal, autonómico y



local, no es nueva, pero ha alcanzado cifras históricas y llama a la puerta de cada uno de los países miembros de Europa.

Según datos de la Agencia Europea de Fronteras (Frontex), entre enero y julio de este año, han entrado en la Unión Europea 340.000 personas, de modo que se ha triplicado la cifra registrada en ese mismo período de 2014.

Los solicitantes de asilo durante 2014 y 2015, atendiendo a los datos publicados por Eurostat, han sido: los procedentes de Siria, 199.960 personas; de Kosovo, 101.350; de Afganistán, 82.350; de Eritrea, 63.445, y de Serbia, 48.435. ACNUR (Agencia de Refugiados de Naciones Unidas) cifra el número de muertes en más de 2.500 personas.

Ante este drama humanitario, las autoridades europeas se enfrentan a la que ha sido calificada como la peor crisis migratoria desde la Segunda Guerra Mundial y, en consecuencia, ante el mayor reto para encontrar soluciones urgentes que impliquen una política común de asilo y de cooperación internacional.

El Gobierno Central debe seguir instando a la UE a llevar a cabo esa política común por encima de la situación económica de los países miembros, que defina la cuota del número de refugiados para el territorio, siempre en pro de la defensa de los derechos humanos, la libertad y la acogida de las personas, y encajando esta medida en el marco de los acuerdos y acciones que determine la UE.

En esta línea de trabajo, se ha creado la Comisión Interministerial y se ha citado desde el Gobierno Central a las Comunidades Autónomas y a la Federación Española de Municipios y Provincias, al objeto de ordenar el proceso y articular la acogida de refugiados.

Es fundamental enfocar la respuesta a este drama a través del estudio de soluciones estables, no improvisadas, que impliquen el análisis de los problemas sociales en los países receptores, principalmente en materia de vivienda, salud, educación, empleo y seguridad tratando de garantizar los recursos para dar cobertura a las necesidades básicas y facilitarles una condiciones dignas de vida.

En atención a lo expuesto, proponemos los siguientes:

ACUERDOS

Que corresponde a la Federación Española de Municipios y Provincias la interlocución con el Gobierno de España de la ayuda municipal a los refugiados. A través de su Oficina de Coordinación Municipal de Ayuda al Refugiado, los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consejos Insulares podrán acceder a la



información actualizada que se genere en este proceso y podrán plantear su ofrecimiento de recursos.

Que la Federación Española de Municipios y Provincias realizará un único inventario de todos los recursos que los Gobiernos Locales estén en disposición de proporcionar. Dicho inventario será proporcionado al Gobierno de España en aras de ofrecer una respuesta coordinada y eficaz a la crisis humanitaria planteada.

Que este inventario de recursos que se canalizará a través de la FEMP será puesto a disposición del Gobierno para que en colaboración con las entidades del Tercer Sector se organice adecuadamente la ayuda al refugiado.”

Sometida a votación a Declaración institucional o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

D) P.S. DE G-PSOE REDUCCIÓN DO IVE CULTURAL.

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARES PARA REDUCIR O IVE CULTURAL

De acordó co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de setembro de 2012, o Goberno do Partido Popular impuxo unha drástica subida do IVE Cultural sobre o consumo dos seus bens e servizos, con excepción do sector do libro, fixándoo na franxa máis alta de toda Europa: o 21%. Esta medida non tivo o impacto recadatorio desexado e supuxo un claro golpe para a cultura, tanto no referido á creación como no acceso á mesma pola cidadanía.

Os datos do Ministerio de Facenda revelan que a subida do IVE Cultural supuxo unha recadación menor da esperada, á vez que prexudicou gravemente ao sector cultural español cunha perda constante de público, unha drástica diminución na creación e produción e, conseguintemente, cun aumento do paro e a destrución do tecido empresarial en sectores como o cinema, o teatro e a música.

Conven lembrar que, en termos económicos, a actividade cultural en España ascendeu a máis de 26.000 millóns de euros no 2012 (último dato publicado: Anuario de Estatísticas Culturáis



2014), e a súa achega ao PIB sitúase no 3,4 %, incluídas as actividades vinculadas á propiedade intelectual. Isto supón un peso similar ou superior, no conxunto da economía, ao xerado polos sectores da agricultura, gandería e pesca (2,5% PIB), a industria química (1% PIB) ou as telecomunicacións (1,7% PIB).

A subida desproporcionada do IVE está a prexudicar gravemente á Cultura como sector de oportunidade de crecemento económico e tamén ás posibilidades de acceso á mesma por parte da cidadanía.

A fiscalidade aplicada aos produtos da creación é unha tremenda mostra de miopía por parte deste Goberno; a Cultura, coas súas diferentes manifestacións e sensibilidades, enriquece, facilita e fortalece a convivencia na sociedade, e é un dos elementos básicos da nosa proxección internacional, sendo todo iso un dos mellores legados para as xeracións futuras. As administracións locais non son alleas a esta problemática de forma directa. Moi ó contrario, na súa función de dinamizadoras e promotoras culturais, nalgúns casos cun papel principal, son tamén prexudicadas con esta medida.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta **MOCIÓN** para instar ó Goberno de España a:

- 1.Reconsiderar a subida do IVE para os bens e actividades culturais, establecendo o seu tipo no 5%, mantendo o 4% para o libro.
2. Propor e defender no seo das Institucións da UE, o establecemento dun IVE reducido para a Cultura e que estea harmonizado en todo o territorio da Unión.

Sometida a votación á Moción o Pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 3 votos en contra do Grupo Municipal do PP acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde, preguntase os voceiros se teñen algunha moción para someter á consideración do Pleno pola Vía de Urgencia, non presentándose ningunha.

PUNTO NÚM. 11.- ROGOS E PREGUNTAS.-



Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Mesias Farías, manifestando que nas Resolucións da Alcaldía que viñeron hoxe había unha que era da Pista Polideportiva de Pedrós e do Parque Biosaludable, e que hai un condicionante referido á ampliación de prazo pola entidade que subvenciona, nos entendemos que se fixo esa ampliación de prazo e queríamos saber ata cando permiten a ampliación dese prazo.

Resposta o Sr. Alcalde, que ata o 31 de outubro.

Interven a voceira do P.P. Sra. Martínez Martínez, e pregunta se vai a ampliarse ata os 12 anos o servicio de divertixogos.

E segundo que está pasando cos atascos en Federico García Expósito.

E finalmente formula o seguinte rogo: Que as convocatorias dos Plenos se fagan coas 48 horas que marca a Lei, pois se están convocando o día anterior e se esta subindo a documentación a Xestiona o día anterior.

Resposta o Sr. Alcalde que o de divertixogos estamos a un ano vista do ano que ven, e efectivamente se existe esa demanda ten que ser estudiada e atendida, pero todos sabemos que temos unhas regras aprobadas por todos que veñen do goberno anterior o meu, onde efectivamente todo tipo de actividades culturais e deportivas teñen que ter un mínimo, de 12 solicitantes pero neso esquema se hai demanda vai a ser estudiada, divertixogos en inverno o tivemos que pechar porque non había demanda, en verán este ano houbo 75 solicitudes.

Os atascos non os hai, se fixo unha obra, se colocou un bay-pass, hai ven o auga dos Castros e ven a auga do Mazote que é a zona de Mugar dos e de Lubre, entón se os fixades, a cota é máis alta na Avda. de Redes, entón se a Avenida de Redes, que ven cunha cota máis alta trae augas da zona da rotonda, as augas que veñen do Mazote cunha cota máis baixa se invierte o sentido, esta se atopa cunha zona máis alta chea, a teoría dos vasos comunicantes, vai hacia o Mazote todo e sale polas alcantarillas, entón é un problema efectivamente de cotas, se aquí está vacío o auga que ven aquí aínda que veña a distinta cota entra, pero si é por choiva ven auga por todos os lados. Outra cousa e cando vamos a desastecar, que sacamos ata toallas de baño, e muñecas. O tema das choivas está solucionado polo bay-pass, de maneira que as augas que veñen da Avenida de Redes xa non se conectan co Mazote.

Cando nos facemos o Pleno, sempre facemos Xunta de Voceiros, se hoxe hai Pleno houbo a Xunta de Voceiros como mínimo o martes, e dicir son os dous días e na Xunta de Voceiros tratamos de poñer enriba da Mesa todo o que hai, eu fun Concelleiro me



chegaba o Pleno e punto, nin Xunta de Voceiros nin nada, e faciamos nos as fotocopias, hai avanzamos, aceptamos o rogo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,